

A TELEVISIÓN É GRATUÍTA EN TODOS OS CUARTOS DO ÁLVARO CUNQUEIRO

- **Os pacientes ingresados na Área Sanitaria de Vigo poden ver a televisión sen custo algún, tanto os afectados por Coronavirus como os que teñen outras patoloxías**

Vigo, 23 de marzo de 2020.- A Xerencia da Área Sanitaria de Vigo informa de que a televisión é gratuíta en todos os hospitais do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI).

A Xerencia sae así ao paso de informacións difundidas a través de distintas redes sociais nos últimos días e horas. Non é certo que os pacientes ingresados teñan que pagar por ver a televisión nos cuartos no Álvaro Cunqueiro.

A comezos da semana pasada a Consellería de Sanidade cursou instrucións para que a medida se aplicase en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde.

En concreto, no Álvaro Cunqueiro, comezouse a aplicar esta medida de forma paulatina. Inicialmente para os cuartos nos que estaban ingresados pacientes afectados polo Coronavirus e, desde o día 20, venres, aplicouse en todos os cuartos, independente da patoloxía pola que estean ingresados os doentes no hospital.

A Xerencia da Área Sanitaria de Vigo lamenta que se expandan determinadas afirmacións en redes sociais que non se axustan á realidade e que soamente pretenden conseguir, nestes delicados momentos, alterar a percepción da cidadanía.